

A xornada 'Unha literatura en imaxes' analizará a relación entre palabra e imaxe no proceso de creación

Escrito por Redacción

Xoves, 12 Novembro 2015 13:42



O sábado 28 de novembro terá lugar a Xornada de Literatura e Cinema: Unha literatura en imaxes, que organiza a AELG co patrocinio da Concellaría de Cultura do Concello da Coruña.

Os obxectivos desta xornada centraranse en achegar a vinculación histórica da literatura coa súa proxección a través da imaxe, así como en afondar nas relacións interdisciplinares das diferentes artes.

Na Coruña estarán importantes especialistas, como Margarita Ledo Andión, Eva Veiga, Manolo González, Antía Otero, Celia Parra ou Martin Pawley.

A inscrición, de balde, realizarase ata o día 26 de novembro na web da AS-PG (http://www.as-pg.gal/Xestion/Curso/EncontrarCursos.do?identifierType=CURSO_ID&identifier=383).
